

IES AS TELLEIRAS – PRESENTACIÓN DA MATERIA/MÓDULO

Materia / Módulo	Matemáticas II	Curso / Ciclo	2011-12 2º BAC CCNN
Profesor/a	Esperanza Canalejas / José C. Vázquez / Esther Pereiro		

OBXECTIVOS E CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1ª Avaliación	1. Límites de funcións. Continuidade 2. Derivada dunha función 3. Aplicacións da derivada ao estudo das propiedades locais e globais dunha función. 4. Representación gráfica de funcións.
2ª Avaliación	5. Primitivas dunha función 6. Integral definida 7. Matrices 8. Determinantes 9. Aplicacións dos determinantes 10. Sistemas de ecuacións lineares
3ª Avaliación	11. Discusión e resolución de sistemas de ecuacións lineares 12. Vectores no espazo 13. Rectas e planos no espazo 14. Espazo euclídeo tridimensional: ángulos e perpendicularidade de rectas e planos 15. Espazo euclídeo tridimensional: aplicacións dos produtos escalar, vectorial e mixto ao cálculo de distancias, áreas e volumes.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

Serán os que se recollen na Programación Didáctica do Departamento e que serán transmitidos polo profesorado da materia módulo ao alumnado correspondente.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Instrumentos:

Actitude	0%		
Conceptos e Procedementos	100%	Probas escritas:	X
		Traballos / expresión escrita	
		Lecturas / Audicións	
		Laboratorios / Expresión oral	

Método de Avaliación:

- Ao longo do curso realizaranse probas escritas, todas elas puntuadas sobre 10, do seguinte xeito:
 - Na 1ª e 2ª avaliación 1 ou 2 controis, sendo 1 deles para avaliar só definicións, comprensión e relación de conceptos (C) e 1 exame de avaliación (E).
 - Na 3ª avaliación os contidos dividiranse en dúas partes. Todo o alumnado realizará un control (C₁) e unha proba máis a elixir entre as tres opcións seguintes:
 - 1) Un control da segunda parte (C₂)
 - 2) Un control relativo ás dúas partes (C₃)
 - 3) Un exame de toda a materia do curso (F)

IES AS TELLEIRAS – PRESENTACIÓN DA MATERIA/MÓDULO

- Para cada avaliación ponderarase o exame de avaliación sobre os controis. Despois de cada avaliación farase unha recuperación (R) que substituirá á cualificación da avaliación, sempre que (R) sexa superior a ela. O exame de recuperación, R, é obrigatorio para todos aqueles alumnos que obtiveran cualificación negativa (insuficiente) no boletín da correspondente avaliación e opcional para o resto do alumnado que teña interese en subir a súa nota
- A cualificación do boletín da 1ª e 2ª avaliación será $(C+2E)/3$ no caso de realizar 1 control e 1 exame de avaliación; noutro caso a nota de cada avaliación será E.
Na 3ª avaliación a cualificación que se terá en conta será respectivamente segundo a opción elixida: 1) $(C1+C2)/2$ 2) C3 3) F
- A cualificación na convocatoria ordinaria será a media aritmética das tres avaliacións agás no caso de ter elixido a opción 3 que sería a nota final de curso, F. Promocionará o alumnado con cualificación igual ou superior a 5 sempre que acredite un coñecemento mínimo da materia en cada avaliación.
- Na convocatoria extraordinaria a cualificación será a obtida nunha proba escrita puntuada sobre 10. A materia a exame será toda a impartida durante o curso. Promocionará o alumnado con cualificación igual ou superior a 5